Día a día

Número 16
Xuño– Xullo 2018

Boletín do SADT de Sarela

OPINIÓN

E CHEGOU O DÍA DO ESTREO DE NEFLIS-SARELA

O luns 2 de xullo comezamos a última semana de preparativos para a obra de teatro e fomos toda a mañá a ensaiar ao Auditorio de Galicia. O primeiro ensaio non nos saíu ben de todo, xa que nos puxemos algo nerviosos, pero a segunda vez xa nos saíu de rechupete.

Ao final, o 6 de xullo, o día clave para ensinar a todo o mundo o noso traballo de tantos meses, saíu xenial. A xente non parou de rir e nós pasámolo de luxo, os nervios deixámolos fora e aínda que houbo pequenos fallos, ninguén se deu conta. Enchemos a sala, que incluso houbo xente que non puido desfrutar do espectáculo. O mellor de todo foron os aplausos e ovacións que tivemos ao rematar.

Que satisfacción o traballo ben feito. Moitas gracias a todos os que nos acompañaron nese día.

O equipo da Redacción

Así foi Neflis-Sarela

Cola para entrar na sala

@s protagonistas esperando

A sala quedou pequena

Escena de “Xogo de cadeiras”

Escena de “Verán añil”

O mellor, os aplaudos.

sarela

CONTIDOS

Opinión p. 1
Cultura, Eventos e Festas p. 2 ,3 e 4
Deporte p. 4
A entrevista p. 5
O tempo p. 6
Pasatempos p. 6
O próximo mes p. 6

CULTURA, EVENTOS E FESTAS

AMPLIANDO FRONTEIRAS. DE PASEO POLO FREIXO

Xa chegado o bo tempo, o venres 22 de xuño fomos de paseo ao Freixo, que, para quen non o coñeza, é un pobiño que queda antes de Muros.

Aproveitamos para dar unha volta polo paseo marítimo e polo porto que aínda que é un sitio pequeno ten moito encanto. Para rematar o paseo, paramos nunha cafetería e desfrutamos dun "piscolabis" mentres charlabamos un ratiño.

Como nos deron algo de envexa, o 29 de xuño, voltamos ao Freixo, demos una volta polo paseo marítimo e polo porto e para rematar, repostamos enerxía tomando algo nunha cafetería do porto.

E como non hai dúas sen tres, o 20 de xullo volvimos a recorrer o Freixo , o seu porto, e visitamos de novo á cafetería á que foran os nosos compañeiros.

EN SAN XOÁN, A SARDIÑA MOLLA O PAN

A noite de San Xoán foi unha noite de celebración para moitos de nos. Fixemos diferentes cousas relacionadas con esta data como por exemplo comer as sardiñas ou a quen non lle gustan o churrasco, preparar as 7 herbas de San Xoán para lavar a cara ao día seguinte e facer as típicas cacharelas ou fogueiras, segundo o sitio onde se preparen.

A noite mais longa do ano, veu cunha temperatura abafante que para algúns chegou a ser algo desagradable, pero isto non fixo que non desfrutáramos dela.

ANIVERSARIOS DO MES

O último venres de xuño celebramos o cumpreanos de Javier, Isma e Eva S. Fixemos unha boa festa na que comemos uns sandwiches e bebemos zumes. Tamén lle cantamos o cumpreanos feliz mentres os cumpleañeiros soplaban as velas. ¡Pasámolo en grande!

O TEMPO

A segunda quincena de xuño comezou cun tempo mais acorde ca época do ano na que nos atopamos, rematando a primavera e ás portas do verán. A fin de semana foi un pouco inestable, xa que o sábado orballou un pouquiño e o domingo luciu o sol en todo o seu esplendor. As temperaturas foron altas, incluso a xente o luns chegou con un calorciño tirando mais a vermello que a tostado.

Empezamos xullo cun tempo pouco de verán, as temperaturas foron mais baixas do normal e caeu algún que outro chuvasco. De feito, a primeira fin de semana de xullo, as tormentas provocaron grandes inundacións sobre todo na Coruña e Ourense.

Xa mais metidos neste mes, as temperaturas alcanzaron un niveles altísimos, chegando en momentos aos 35 graos en Galicia e incluso a 45 graos no sur de España.

Cada un decidiu como pasar esas altas temperaturas, uns quedamos na casa ao fresquiño e outros aproveitamos para achegarnos ás praias, dar un paseo e tomar algo nunha terraza. De todas formas, este bo tempo non durou demasiado xa que sobre mediados de mes, a choiva fixo presenza de novo, acompañada de treboadas.

A segunda fin de semana de xullo, estivo algo mellor, polo que puidemos volver a desfrutar da auga e da area da praia, non sen abandonarnos as treboadas e os ceos encapotados, algo que axuda a que as temperaturas non nos chamusquen.

A semana anterior ao Apóstolo a maila fin de semana estiveron algo revoltos, xa que aínda que a temperatura foi agradable ase tódolos días amenceu cos ceos encapotados. Está sendo un verán mais típico galego que os anteriores aínda que non nos importaría poder desfrutar un pouco mais do sol para poder aproveitar as vacacións.

DEPORTE

VERÁN CON MUNDIAL!!!

Este ano tocou Mundial de Fútbol o cal celebrouse en **Rusia**. Os primeiros partidos de clasificación tiveron uns **resultados** moi **igualados**, quedando a maioría dos equipos en empate, incluso as grandes seleccións como pode ser **Arxentina** que empatou con **Suecia** e incluso **Alemaña** que perdeu contra **México**.

Os seguintes xa estiveron algo mais pelexados, coma **España** contra **Irán** ou contra **Marrocos**. A verdade é que a primeira fase da nosa selección non foi demasiado brillante, os encontros pasaron "sen pena nin gloria" aínda así gañando un posto para oitavos.

Moi ao noso pesar, remataron as opcións de gañar para **España**, xa que perdeu o partido que xogou contra **Rusia**. Pareceunos un partido mais ben frouxo xa que se disputou todo a penaltis tras quedar **empatados 1-1** e non haber ningún gol na **prórroga**. Como dicían nos medios de comunicación: os penaltis son unha **ruleta rusa**, por iso gañou **Rusia**.

Cando chegaron os **cuartos**, **Croacia** vingou un pouco a nosa derrota xa que quitou do campionato á anfitrioa Rusia, tamén nos penaltis. Ademais, **Bélxica**, **Inglaterra** e **Francia**, gañaron os seus respectivos encontros pasando a semifinais. Moitos de nos seguiamos vendo o Mundial aínda que a **"Roja"**, xa estaba fora de xogo.

As **semifinais** estiveron bastante disputadas, pero os dous equipos máis fortes que conseguiron chegar a **final** foron **Francia** e **Croacia**. De todas maneiras, **Bélxica** conseguiu o **terceiro posto** do campionato fronte a unha grande selección coma é a de **Inglaterra**.

O domingo 15 ás 17:00 horas, comezou o **último encontro**. A gran favorita era **Croacia** por todo o que pelexou durante este campionato pero a **selección francesa** tiña puntos por toda a súa traxectoria deportiva. Foi un **partido bonito** e **disputado**, moi loitado polos dous equipos pero ao final, a balanza decantouse polo equipo francés que anotou **4 goles** na portería croata fronte aos **2** que marcaron os **balcánicos**. Ao final, Francia xa pode engadir unha estrela máis para a súa camiseta, aínda que a **vitoria moral** a levou Croacia.

Ata dentro de 4 anos non volveremos a desfrutar doutro mundial de fútbol o cal se celebrará en **Qatar** e se non cambian as cousas será en **inverno!!!**

ENTREVISTA 10

Desta vez, Marian e Joaquín entrevistan a unha muller que leva moitos anos colaborando con nós na actividade de manualidades, Carmen García.

"ANIMO A PARTICIPAR NO VOLUNTARIADO PERO MOITA XENTE PREFIRE VIVIR SEN VER O QUE HAI REALMENTE AO SEU REDOR"

Que che levou a colaborar con Sarela?

Cheguei a Sarela xa que quería axudar a xente que o necesita, e ademais esa xente transmite moitísimo, e sentirme útil unha vez que me chega a xubilación.

Canto tempo levas vindo a Sarela?

Non lembro a data exacta pero penso que dende o 2005. Xa van 13 anos...

Antes de vir a Sarela, coñecías algo do dano cerebral adquirido?

O que coñecía era de ler, ver algo… pero non como cando entrei aquí e tes contacto directo coa realidade.

Porque decidiches participar na actividade de manualidades?

Porque me pareceu algo precioso para vós. Ademais, a min é algo que me gusta moito, non se me dá mal e era unha maneira de compartilo con vós.

A túa profesión está vinculada á túa colaboración con Sarela?

Para nada, absolutamente nada que ver, é moito mais gratificante traballar en Sarela.

O teu labor de voluntaria só a levas a cabo en Sarela ou en algún outro sitio?

Non, só colaboro con Sarela.

Que é o que máis che aporta traballar con persoas con dano cerebral adquirido?

O restarlle importancia a parvadas e ver que hai cousas moito mais serias na vida.

Neste tempo que levas con nós, ¿sénteste satisfeita co teu labor?

Moi satisfeita.

Estás contenta con nós?

Contentísima, con todo o tempo que levo con vós…

Recomendaríaslle a outras persoas vir coma voluntarias a Sarela?

Claro que si, o que pasa que moita xente prefire vivir sen ver o que hai realmente ao seu redor.

PASATEMPOS

Neste número propoñémosvos de novo un reto relacionado cun programa de televisión de fai moito tempo, " O prezo xusto". Nesta ocasión teredes que unir con frechas o prezo das distintas cousas relacionadas con esta estación do ano, o verán. A polo reto!!!

29,95 €

14,90 €

13,90 €

22 €

24,90 €

19,90 €

7,59 €

15 €

75,50 €

13,60 €

NO PRÓXIMO NÚMERO…

Saídas: Saída de benvida ás vacacións, Saídas culturais, paseos ao aire libre…

Aniversarios: Mª Carmen.